

MERCADIYO-RASTRO FAMILIAR-FESTA DO RECICLAXE-SABARÍS (19/9/2021)

BASES DE PARTICIPACIÓN

OBXETIVOS:

- a) encontro familiar, día de disfrute coa familia, amigos...
- b) educativo: fomentar a reciclaxe, o troco, a reutilización de artigos que ao seu propietario xa non lle sirven por outras persoas;
- c) proporcionar un ingreso extra para as familias tras o gasto vacacional

Participantes:

Exclusivamente particulares (familias, amigos, ...) ou asociacións e deben poñer a venda exclusivamente artigos persoais (roupa, accesorios, enseres domésticos ...), artigos que temos pola casa e non se usan, pero poden ser necesarios para outra persoa. Non está permitida a participación a artesáns nin titulares de negocio salvo que poñan a venda artigos persoais.

No momento da súa inscrición, facilitarán todos os datos necesarios para a súa identificación, como o seu nome e apelidos, correo electrónico, teléfono e nome elexido para a súa identificación do puesto.

A venda de mercancía de negocio está prohibida, sancionándose coa expulsión do rastro ao participante que venda mercancía susceptible de ser obxecto de negocio a criterio da organización.

Horario de celebración: 11 a 21 horas

Os participantes poderán empezar a montar o seu posto a partir das 8:00 horas.

As 11 os postos deberán estar preparados para a súa visita polos asistentes.

Ningún posto poderá recoller antes das 20:30 horas.

Lugar: Sabarís

A organización encargarse da asignación dos lugares nos que se ubicarán os postos dos participantes.

Es participantes aceptarán o espazo que lle sexa asignado pola organización.

Cada familia disporá de 5 metros lineais e deberá traer todo o necesario para a exposición dos artigos (mesa, carpa, silla, mantel, sombrillas ...).

Para a carga e descarga poderase entrar na rúa pero deberase retirar o vehículo tan pronto se finalice. Non poderá haber aparcado ningún vehículo as 11:00 horas, momento en que empezará o rastro.

Debido a situación sanitaria vixente, en todo momento deberán respertarse as medidas establecidas polas autoridades competentes (distancia social, mascarilla, desinfección de mans, ...)

En cada posto será obligatorio ter a disposición dos clientes un bote de xel desinfectante para o seu uso, que estará colocado nun lugar visible e deberá ser fácilmente recoñecible.

Custe:

15 € por posto, que se destinará a publicidade do evento, seguro de R.C., costes de organización ...

O pago realizarase con antelación ao día de celebración do rastro familiar, na cuenta que se facilitará na ficha de inscrición.

Inscricións:

Hasta o 16 de setembro, as 14:00 horas.

Tódalas inscricións deberán ser por escrito e xestionadas por OVALMI, non se aceptará ningún participante que no cubrise a ficha e/ou non realizase o pago.

OVALMI: 986.366.730 administracion@ovalmi.com

